

SMARA

Texto de **PAULA CARBALLEIRA**

Ilustracións de **CAROLE HÉNAFF**

Encadernado en cartón. 15 x 23,5 cm. 64 páx. 15 €

PREMIO ISAAC DÍAZ PARDO AO LIBRO MELLOR ILUSTRADO 2006 (AGE)
SELECCIÓN THE WHITE RAVENS 2007
PROGRAMA NACIONAL DE LECTURA (SEP México) 2007
SELECCIÓN MINISTERIO DE EDUCACIÓN (Argentina) 2014
PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL Portugal) LER+

Smara (galego)

ISBN 978-84-8464-549-8. Sete Leguas.

Smara (castelán)

ISBN 978-84-96388-14-7. Siete Leguas.

Smara (euskara)

ISBN 978-84-7681-728-5. Mila gau saila.


Smara (português)

ISBN 978-972-8781-77-4. Sete Léguas.

*A voz da Avoa Ugago, as carreiras polas dunas de pedra e area,
os debuxos que se facían na pel... Non entendía case nada;
só que me deixaban xogar con eles, e comer da súa comida,
e rir coas mulleres que tecían, e cantar, e bailar, e subir
nos camelos. Lembro todo coma se o tempo non pasase...*

«Smara» é a historia da viaxe dun neno a un lugar do Sahara onde coñece a Avoa Ugago, que fora unha poderosa maga protectora da cidade fronte aos intrusos. Ela cóntalle historias do seu pobo, os *Fillos das Nubes*. Partindo dunha cultura lendaria, e con grandes doses de maxia e de misterio, Paula Carballeira fai unha aposta pola melancolía, dun certo lirismo, como unha especie de reivindicación da tristura que nos fai medrar por dentro.

Carole Hénaff reflicte o aspecto rústico dos asentamentos do deserto con ilustracións elaboradas con collage ou acrílicos sobre madeira, destacando a textura dos materiais e utilizando cores vivas, tan típicas das teas, das cerámicas e das especias. A súa inspiración provén da experiencia persoal tras varias viaxes a Marrocos que deron lugar a fermosos cadernos repletos de debuxos nos que plasmou as sensacións de impresión e de respecto que lle infundiu o Sahara. As súas ilustracións transpórtannos a un mar de area, onde a vista se perde no horizonte e o tempo parece deterse. As dunas nunca son iguais, parecen cobrar vida coa luz do sol, que acentúa as sombras das súas curvas e transforma as cores co paso das horas. O resultado é un traballo sublime e sinxelo, cun toque surrealista e enigmático.



- **Temática:** deserto, viaxes, lendas.
- **Idade recomendada:** a partir de 8 anos.
- **Aspectos destacables:** maxia e misterio; o deserto: clima, vexetación, costumes; da autora de «[O principio](#)» e «[Paco](#)»; da ilustradora de «[As tres princesas pálidas](#)» e «[Álbum de familia](#)».
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/sm-ara-g>

Paula Carballeira

(Fene, 1972)

Licenciada en Filoloxía Hispánica. Formouse en cursos de interpretación, técnicas actorais e de expresión corporal. Dende 1992 traballa como narradora oral; participou en programacións culturais en países como Portugal, Colombia, Brasil e Chile. Na súa faceta como actriz, dende 1996 está vencellada ao grupo de teatro Berrobambán, ademais de dirixir espectáculos para outras compañías, como o Centro Dramático Galego; tamén actúa en series de ficción para a Televisión de Galicia e ten colaborado en espazos da Radio Galega. Como escritora, publicou varios libros de literatura infantil e xuvenil, teatro, poesía e narrativa. Recibiu, entre outros, o Premio Manuel María de Literatura Dramática (2006, 2011 e 2018) e o Frei Martín Sarmiento (2016).

Carole Hénaff

(Orange, Francia, 1973)

Pasou os seus primeiros anos en París, onde estudou Filosofía e Literatura Teatral na Facultade de Censier. En 1994 trasladouse a Barcelona e aprendeu ilustración, artes gráficas e animación dixital. Traballou durante catro anos no Estudio Peret de deseño, comunicación e creatividade. En 2004 creou o seu propio estudio para dedicarse á publicidade, á ilustración de libros, revistas e carteis. Outra das súas facetas creativas é realizar cadernos de viaxe. Expuxo a súa obra en varias salas de Barcelona.

<http://www.carolehenaff.com>

